

COMUNICADO A OPINION PÚBLI-

CA DA →

PRIMEIRA ASAMBLEA DO MOVIMENTO CAMPESIÑO GALEGO

Acaba de celebrarse unha Asamblea do Movimento Campesiño Galego, a que asistiron cincuenta asambleistas representativos de todas as comarcas e distintos sektores profesionais que traballan no campo. Presentáronse tres ponencias. Na primeira, "O movemento campesiño e o momento actual", di que o período histórico que culmina coa morte de Franco coincide a súa vez cunha fase culminante da loita e organización da clase obrreira e das clases populares en xeneral. Logo de facer referencia as mobilizacions más importantes do campesiñado nos últimos anos, así como o protagonismo de outros sektores, "afirmase que este é o que fai imposible a supervivencia do franquismo sin Franco". Logo de valorar "o impresionante clamor popular pola amnistia", afirmase que a resposta a esas esixencias non é posible dende as atuais estruturas do poder. Unido a reivindicación das libertades ciudadanas e sindicais, esprésase que "soio o propio MOVIMENTO CAMPESIÑO pode ser protagonista real da conquista de solucions, tanto dos problemas más apremiantes da hoxe como das trasformacions indispensables pra dignifi-



V 19
E 67

/ proletarios de todo los
países unidos /

Órgao do partido comunista de Galicia

ANO VIII N.º 1. 4-Febreiro-1.976. Precio 10 pesetas

A V O Z D O P O B O

cación social e económica de todos os dereitos caigan do ceo, noso traballo, da nosa vida, di que hoxe, "a nosa loita do medio en que vivimos. Logo de facer algunas advertencias sobre o perigo de esperar que o reconocemento

di que hoxe, "a nosa loita ten que ser máis potente, máis xeneralizada, máis masiva, máis aberta e máis pú-

— UN GRAN ACONTECIMIENTO —

A prensa e a radio gallegas, e ainda aspácticas, destaron a celebración quasi legal da 1ª Asamblea do movemento campesiño galego. Non é pra menos. De seguramente esta xuntanza de campesiños -representativos da maior parte das comarcas rurais de Galicia-, curas e profesionais rurais é o feito máis importante accedido no noso agro dende a aniquilación das sociedades agrarias en 1.936. Non esaxeramos si facemos comparanza cos sete Asambleas Agrarias que tiveron lugar en Galicia dende 1.908 a 1.919 en Monforte, Rianlavia, Redondela e A Coruña.

A Asamblea non se atribuiu ningunha representación "exclusivista" dos campesiños galegos. O movemento campesiño son todos os campesiños en loita. Pero non hai dúbida que mostrou a potencia das Comisións Campesinas, e súa extensión e o seu arraigo entre os traballadores do campo galego; resultado de moitos anos de actividade abnegada de certos de campesiños de vanguarda.

E verdade. Agora mirase o fruto de moitos anos de traballo nas aldeas, de loita contra o pessimismo e de más dificultades ouxativas pra crear un movemento organizado no campo.

Agora, o campo fai ouvir dirixitamente a sua veza.

Os campesiños están a entrar a un novo nivel na esencia da vida do país, le hai que contar con eles!

O Partido Comunista de Galicia chama a todos os campesiños galegos, a todos os intrasados na defensa e liberación do campo, a apeiar e levar a cabo as conclusións da Asamblea campesiña e animar aos demás partidos democráticos galegos a facer o mesmo.

Coa morte de Franco abriuse unha nova etapa pra o campo galego e pra toda a sociedade.

— 6 —

=ACCESOS CON DESCARRILAMIENTOS.=

Durante los pasados meses han tenido lugar numerosos descarrilamientos en el tramo que enlaza Zamora con Orense. Se trata de un acceso clave pues es vía obligada para los trenes que enlazan Galicia con Madrid. Las víctimas que estos accidentes han causado son una llamada de urgencia para la inmediata construcción de un nuevo acceso, que es técnicamente esencial.

No existe posibilidad de adaptación de la antigua línea ni para velocidades modernas ni para la colocación de una segunda vía. Ambos fracasos parecen auténtico "cergullo" de la compañía constructora que lleva el nombre del tramo: M.Z.O.V. (Madrid-Zamora-Orense-Vigo).

A los descarrilamientos cabe también añadir una nota sobre los deficientes servicios de la Renfe dentro de Galicia. Deficientes en casi todos los sentidos (retrasos, comodidad, horarios, tarifas, red muy limitada, etc.). A nivel de todo el estado la burocracia de la RENFE -empresa nacionalizada- es sobradamente conocida por despreciar el interés del usuario: el pueblo español.

RENFE, dirigida desde sus oficinas de Madrid jamás vera el problema existente, mientras el pueblo gallego no pueda hablar de tú a tú sobre sus exigencias a los organismos del Poder Central, es decir: de poder a poder, para ello es preciso un Poder Autónomo Gallego. En eso estamos...

(ven da pág 1)

brica que nunca". Chámase a formación de comisões representativas da mayoría que preparen as condicións para indicir nas Hermandades e A-



xuntamentos, así como cara a dar personalidade xurídica a Parroquia e Comarca e "facer do Concello o verdadeiro órgao de expresión e decisión democrático que debe ser".

Na segunda ponencia, "Unidade de acción cos gandeiros, curas, e profesionais do medio rural", empeza definindo o Movimento Campesiño, como seitor con características propias que o diferencian de outros, indicando que as Comisões Campesiñas son formas legales que adouta o campesiñado pra representarse ante organismos e entidades, e que a estrutura de coordinación (ilegal), responde a estreitez dos canles eisistentes. Valórase como importante a vitalidade do seitor gandeiro no seu enfrentamento ca política gubernamental; a presencia dos curas progresistas no campo como un dos fenómenos más interesantes, así como o valor da axuda dos diversos seidores profesionais.

A terceira ponencia, "Le-

galización do Proyecto de Plataforma Reivindicativa", esprica o proceso que levou a issa Proyeito, así como o que debe seguirse para integrar un masivo apoio da mesma.

A Asamblea denuncia a demagóxica axuda do Banco Mundial ao campo galego que soio revierte en beneficio dos caciques de sempre. A Asamblea tivo coñecemento de que como isto se dio xacos 800 millóns correspondentes a provincia de Ourense.

Denuncia o alonxamiento da Universidade dos problemas e necesidades do campo galego.

Finalmente foi un chamamento a un traballo conxunto de tódalas plataformas unitarias eisistentes en Galicia, así como a calisquer organización campesiña.

Galicia, Xaneiro 1976

A LINGOA GALEGA: O DECRETO E A REALIDADE

Como tódolos aitos do Gabinete Arias, a promulgación do "decreto de lingua rexional" amosan que os pobos de España marchan moi por diante do Goberno, imponéndolle progresivamente a iste as reivindicacións plantexadas no camiño da lucha polas libertades. O Decreto está xa superado polas realidades eisistentes nos distintos pobos de España.

As lingua faladas polos pobos do Estado español alcanzan xa un nívei de promoción: uso público, cursos de aprendizaxe, ediciós de libros, conferencias, artigos, etc., consecuencia do esforzo de anos, que deixa

(pasa a pág 4)

Non escluir a ningunha
forza democrática e non
caer no mimetismo co su-
tras realidades políticas,
pedían ser reglas nece-
sarias pra conquerir o ORGÃO
UNICO da oposición galega.

Se cadra ainda máis im-
portante que a base orga-
nizativa do Pauto Nacional
Galego é a súa base políti-
ca, ou sexas o programa mí-
nimo da alternativa demo-
crática galega.

Neste senso son tres
os documentos que compre-
ten en conta: a Declaración
de Viana da Xunta Democrá-
tica de Galicia, o chama-
mento da X.D. de Galicia e
máis cinco forzas políti-
cas galegas pró dia 16 de
Decembre, e máis declaración
constituyente do Con-
sello de Forzas Políticas
Galegas. Documentos que fo-
ron aparecendo neste mesmo
orde cronolóxico.

As coincidencias en-
tre elas son moi importan-
tes: ruptura democrática,
Goberno Provisional Galego
dende o primeiro intrá da
ruptura, amnistía, liberta-
des políticas e sindicais
sin exclusións.

¿E as diferencias?

Precisamos delimitalas
mai ben e discutir sobre
delas. Ben pode acontecer
que non sexande tal magni-
tude como pra dificultar a
unidade organizativa das
plataformas unitarias e
das forzas democráticas ga-
legas.

Na declaración do CFPG
non quedan craras algunas
cuestións perfeitamente es-
plicitas nos outros dous
documentos:

-Rechazo do continuismo re-
presentando hoxe polo Rei
Juan Carlos I e o seu Go-
berno.

-Motivación pacífica das
masas como medio de acadar
a ruptura democrática e o
Goberno Provisional Galego.

-Costitución dun Goberno
Provisional Democrático a
nivel de estado.

Tampouco define ben o
CFPG si o dereito de auto-
determinación é un punto
mínimo de ruptura ou é un
proceso cuia culminación
formal darase ó longo do
processo constituyente gale-
go; esto último é o que de-
fende a Xunta Democrática
de Galicia. De xeito que
as posiciós a priori sober-
na solución definitiva (Es-
tado federal, confederal,
etc.) que elixa o pobo ga-
lego, nonas miramos oportu-
nas, pois do que se trata
é de artellar uns puntos
mínimos cara a ruptura de-
mocrática; cada cosa o seu
tempo.

Tampouco define o
CFPG sobre a base xurídico-
política do Goberno Provi-
sional Galego. Nesta cus-
tión compe que non haxa
ambigüedad algúnhia e que
valorando de xeito realis-
ta as nosas forzas non pre-
tendamos soluciós "máis adiantadas" que Catalunya i
Euzkadi. A urxencia da no-
sa problemática socio-eco-
nómica obriganos precisa-
mente a ter os péz ben no
chan. Si non fora así esta-
mos correndo o risco de
quedar rezagados no logro
das nosas libertades nacio-
nais coma en 1931.

O Goberno Galego e a
Asamblea Lexislativa Cons-
tituyente son instituciós
previstas no Estatuto de
Autonomía de 1936. Non fa-
cer referencia ó derradei-
ro texto lexitimado polo
voto maioritario do pobo

galego, é igual que atra-
car nós mesmos a posibili-
dade de erguer un poder po-
lítico galego.

Seríam Galicia quen pa-
garía tal erro.

Digámolo craramente:
!non se trata de poñer me-
canicamente en vigor, pun-
to por punto, o Estatuto
de 1936! Trátase de es a-
poiar no Estatuto pra pro-
cramar o Goberno Provisio-
nal e pra organizar eleccións
libres pró parlamento gale-
go.

As medidas económicas,
sociales e culturais que
deben ser tomadas no perío-
do provisional pra defen-
der os intréses galegos é
couxa do Goberno Provisio-
nal, cuio programa de go-
berno ten que complementar
todo o que de desfasado e
desexitado ten o articula-
do dun Estatuto elaborado
hai 40 anos.

(viene de la páq 5)

prevendas -temen terrible-
mente la desacredita- les
lleva a la peligrosa prá-
tica de la dilación; lo su-
yo es sobre todo seguir a-
ferrados al poder.

Por eso apremia ganar
la calle y realizar cuanto
antes la gran Acción Demo-
crática Nacional que ponga
término a sus maniobras di-
latorias y les obligue a
rendirse de una vez a la
voluntad del Pueblo.

Y la inmediata exigen-
cia del pueblo gallego es
reivindicar con energía la
libertad de Pillado, Amor
y Riobó, que es el camino
directo a la Amnistía y a
las libertades para todos.

Un obrero de Orense.

¡A PRENSA GALEGA EN VANGARDA?

A oposición galega vén aparecendo nas periódicos e nas revistas. Quén abríu brecha en Galicia fei, xusto é recensácelo, "LA VOZ DE GALICIA" que o 30 de Decembro surprendéu os seus leutores cunha páxina enteira onde se espricaba que partidos clandestinos funcionan en Galicia, con nomes e fotografías.

A VOZ DO PÓBICO, nais de agora ilegal e clandestina, anima os periódicos galegos legais a seguir na liña de favorecer un clima pluralista e democrático no nese País, a non quedar retrasadas respecto a prensa de resto do Estado.

A leita da democracia contra o totalitarismo, da sociedade contra o poder autoritario, atravesa aínda intres difíciles. A prensa legal ten que ocupar un posto de vanguardia neste combate tan decisivo pra Galicia.

Sabemos que non é fácil. A incertidumbre pesa moito. En cada redacción maximase unha espada de Damocles peren-

ba das que escriben. Hai tempo a que volten os secuestros, os expedientes e as multas. Tudo hai que decile: nin propietarios, nin directores, nin periodistas confian moito na "democratización" do señor Fraga. Dacer de. Pero tamén é certo que si na prensa madrileña ou catalana pode manifestarse a oposición sin represalias de goberno, ¿per qué ha de se reprimir os xornais galegos?. A opinión pública e os leutores eisixen audacia e iniciativa: é cousa de todos facer irreversible o cambio á democracia.

Non hai que ter medo ós "bunkercitos" de provincia que tentan levar no seu feu da unha política de látigo e bozal!

Están perdendo a partida. O mesmo poderíase decir dos ultradereitistas de ordens e manda que sobreviven nalgúns periódicos -de todo hai na viña do señor-.

Xamatamente, onde se mira -a pedra de toque asegún M. Duverger- o xeito democrático duns e doutros é na postura cara os comunistas, no

(pesa a páxina 8)

(ven da pág 2)

atrás o intento regularizador do Goberno Arias.

O pobo Galego di non ao decreto por representar un retroceso con respecto a realidade da lingua galega hoxe. !E non digamo: respeito as suas necesidades!.

A alternativa, a verdadeira alternativa, é un decreto que sitúe ao galego como lingua oficial (xunto co castelán) na Administración, nos medios de comunicación e sobre todo no ensino. Eisiximos un decreto que normalice a situación da lingua galega.

Nembargantes, os decretos non son suficientes, pois ademáis de normalizar trátase tamén de promover a utilización dunha lingua e unha cultura que permaneceron reprimidas ao longo de 40 anos. Ista promoción do galego sólo poderá ser desenrolada por un poder autónomo nunha España democrática.

AMNISTIA!

Libertad sin juicio para los 9 militares

Posiblemente en muy corto plazo tendrá lugar el Consejo de Guerra contra los nueve oficiales del Ejército acusados de sedición a quienes los suponen miembros de la Unión Militar Democrática (U.M.D.). La U.M.D. es hoy la organización de los militares que luchan por la libertad y la democracia, es un símbolo de la unidad pueblo-Ejército.

El juicio de estos militares demócratas debe ser para la clase obrera y los pueblos de España lo mismo que el "1001" y el de los 23 de El Ferrol. El Consejo de Guerra está montado para intimidar a todos los sectores, militares y civiles, que luchan por una verdadera democracia en España.

Manifestemos nuestra solidaridad con los nueve inculpados, uno de ellos José Fortes, capitán de Infantería del Parque de Automóviles de Pontevedra, mediante manifestaciones, escritos, parada, etc.

La unidad pueblo-Ejército se irá tejiendo en la propia lucha. Amnistía general para civiles y militares presos y exiliados.

AMNISTIA

Unha vez máis: ¡CELULOSAS NO!

Hace 38 años que el fascismo aplastó por la fuerza la legítima legalidad democrática que el pueblo español eligiera libremente. A quella felonía franquista fue un brutal desgarrón que dejó a España en carne viva y dividida durante décadas. Pero hoy -a despecho de nostálgicos obcecados en que la herida sága sangrando- la reconciliación nacional es palpable y el Pueblo en pleno clama: ¡AMNISTIA!

Sin embargo, el Régimen sigue sordo a este creciente clamor de inmensa mayoría y el Gobierno dando largas y más largas al asunto. Y no sólo eso: no deroga la salvaje Ley "antiterrorista"; congela los salarios mientras permite que los precios se disparen, y las más mínimas aspiraciones democráticas siguen topando con la cárcel.

Franco ha muerto y el régimen entró en coma. Pero los franquistas se obstinan en prolongar su agonía a toda costa. A riesgo incluso de un nuevo baño de sangre. Y hay un solo modo de detener sus manos bárbaras y conjurar el peligro que cieren sobre España: ¡imponiéndoles las libertades democráticas!

Los que hicieron su agusto con la Dictadura y desde el Bunker se desgañitan vociferando que los españoles somos "diferentes" y no aptos para la democracia. Pero el pueblo español está demostrando a diario en la calle que sí es apto y que no necesita tutelaje paternal.

!La restauración de las

O tema da celulosa sigue de actualidade nas loitas do pobo galego, pois o perigo da súa instalación en Galicia continúa. Pero también continúan, -o mellor dito se intensifican-, as ações en distintas zoas de Galicia contra a instalación de dita fábrica.

Tras os seus fracasos en Ourense i en Ponteceso, onde CELULOSAS puxo primeiramente os seus ollos, ista pensa agora en Negreira (A Cruxña) i en Ponteareas (Pontervedra). Nas duas localidades a burocracia feixista local (alcaldes, etc.) está vendida a empresa, i eles mesmos ofreceron "os seus" municipios pra instalación de fábrica de celulosas.

Ante esta situación, os veciños dos pobos de Ponteareas e Negreira reaccionan rapidamente en tódolos frentes: 1º Realizando debates públicos e mesas redondas, invitando a especialistas que amosarán e descubrirán públicamente os danos que unha celulosa causaría. Como xa fixose en Negreira.

libertades democráticas es impostergable y debemos exigirlas TODAS y ahora mismo!

En este momento crucial que se vive es obligado confluir todos los españoles gritando: ¡AMNISTIA! Urge batallar sin tregua por una amnistía general y completa que cancele para siempre las secuelas derivadas de la Guerra Civil: que elimine las leyes represivas de aspiraciones democráticas, que deja en libertad a todos los pre-

2º Saindo a rúa, levando a cabo manifestacións; así conseguíu Ourense ceibarse dos "beneficios" da celulosa.

A loita xa está en marcha e agora sólo resta intensificala e incluir na mesma a totalidade dos pueblos afectados e a toda Galicia: O problema é de todos.

En Ponteareas pintadas denunciadoras foron mencionadas pola prensa legal, varios escritos de grupos de veciños, a oposición de algúns concexales, etc. E naturalmente a gran manifestación do Sábado 11 de Xaneiro na que participaron centos de veciños ao berro de "¡Celulosas non, industrialización sí!". Da zona de Negreira saíron xa varias escritos, un de eles estaba firmado por cásenque 500 firmas, e outro por algunas autoridades disidentes.

Diste xeito, abriuse de novo o frente anticontaminación en Galicia: industrialización, pero sin contaminación. E o pobo quer a decidir a industria que quer, non a gran empresa privada nin a burocracia feixista.

sos políticos, y que abra de par-en par las puertas del País a los exiliados.

La Amnistía así concebida es premisa imprescindible para una auténtica apertura al proceso democrático que el País exige. Y no otorgarla es permitir que el peligro de violencia continúe amenazándonos a todos.

Los voceros del "aparturismo" no ignoran que este es un peligro real que ciernen sobre el país, pero el pánico a perder sus

(pasa a la pág. 3)

ANXEL GUERREIRO:

No creo en la democratización desde arriba. Sin una auténtica ruptura democrática no podrán resolverse los grandes problemas del país, y entre ellos, ocupando un puesto relevante, el de las nacionalidades y regiones. Ante la creciente actividad del pueblo y de la oposición, el Gobierno no tiene dos opciones: cerrarse de nuevo, "bunkerizarse" o bien producirse una ruptura en el propio



gobierno. Galicia precisa instituciones políticas propias. Es muy interesante la del Pacto Nacional Gallego. Crec que la consecución de ese Pacto es una necesidad histórica para Galicia.

La base de ese Pacto ~~ya~~ dia sei:

1º Instauración a nivel de Estado de un régimen democrático por vía pacífica que restituya las libertades democráticas sin restricción; 2º Amnistía; 3º Puesta en marcha, desde el primer momento del cambio, del autogobierno gallego a través de los principios e instituciones del Estatuto de 1936 como punto de partida hacia el ejercicio del derecho de autodeterminación.

(Continuación da Declaración do C.E. do P.C.G.
Ven da pág 8)

cios... O Governo pretende des cargar sobre os traballadores e clases populares as consecuencias da crisis económica que vive o mundo capitalista, agudizada en España pola pervivencia das arcaicas estruturas políticas...

Os obreiros galegos constatan ademáis que si a crise afecta o conxunto dos traballadores españoles, descarga entre nos os seus más graves efectos. Ó paro, que alcanza en Galicia cifras alarmantes, sigue en progresión debido a agravación da situación na construcción naval, a flota pesqueira, especialmente conxeladora, a construcción e outras industrias; debido tamén o retorno dunha gran masa de emigrantes e a non saída dos candidatos a emigrar si non houbase crise xeneralizada. É necesario saber chegar a todos os traballadores que se atopan nesta situación a tratar de agrupalos pra sacar o problema a luz pública e movilizarses, recollendo experiencias de outros lugares, como Santander, Barcelona, Madrid, etc. É necesario exigir a inmediata modificación da concessión do Seguro de Desemprego pra que isto se aprique sin escapación a todos os traballadores que se atopan en paro. Estos reclaman a percepción do 100% do salario real e sin limitación de tempo. Xuntamente, hai que loitar pola garantía do emprego e a creación de novos postos de traballo.

Outra das cuestiós que a clase obreira necesita man-

ter hoxe en primeiro piano das reivindicaciós e a readmisión de todos os traballadores despedidos por motivos laborais e socio-políticos.

O Partido Comunista de Galicia que encabeza as reivindicaciós dos obreiros e demás traballadores, por consideralas justas, fai plenamente seu o seguinte criterio exposto na recente declaración do C.E. do P.C. de España:

"A clase obreira e o conxunto dos traballadores non teñen hoxe outro medio de acción que a folga e as manifestacións; pero é indudable que, nun cambio político, no que a clase obreira alcanza a posibilidade de participar directamente na solución dos problemas nacionais, os traballadores non refuxirán a súa responsabilidade e estarán dispostos a contribuir a unha solución progresista da crise que tuvera en conta o intrés xeral do país."

O Partido Comunista de Galicia tamén e consciente da xustiza da protesta dos industriais galegos, especialmente modestos, afectados pola crise, protesta que se dirixe contra a "Administración" pola sua política inxusta e irracional, e declará prestarlle económicamente os gandeiros de vacuno todo o seu apoio político e moral. Pra o mesmo tempo invitaos a considerar a necesidade do cambio de réximen político como a primeira e a máis urgente exigencia pra que os seus problemas tachen unha vía axeitada de solución. Soio nun contexo democrático e dunha Galicia autónoma poderán ser resoltos, ou o menos atopar a atendición que requere, unha problemática que afecta certamente o conxunto da sociedade galega ...

Declaración do COMITE EXECUTIVO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA. (15 - xaneiro - 1976)

(ESTRUCTOS)

A AMNISTIA REQUIERE UNHA MAIOR MOVILIZACION DE MA- SAS.

As mobilizaciós da ma-
sas pola Amnistía, polas
libertades democráticas e
nacionais están adquisfin-
do no seo do pobo galego
dimensiós hasta hoxe des-
coñecidas. A loita por im-
poñer a Amnistía, por a-
rrancar os presos da cadea
protagonizada hoxe tódolos
seutores, casi tódolos gru-
pos ou forzas da sociedá
galega, dende a clase obrei-
ra deixa a Eirexa, pasando
polos intelectuais, cole-
xios profesionais, estu-
dantes, sociedades cultu-
raes. Abarcando o máis am-
pleo abanico de aiciós
-folgas, manifestaciós, es-
critos, pronunciamentos,
concentraciós, etc.- a loi-
ta pola Amnistía está al-
canzando un carácter de
plebiscito nacional. Nem-
bargantes, arrancar a todo
los presos políticos da ca-
dea, lograr a volta dos es-
siliados, que se peche o
periodo da guerra civil e
se abra unha nova etapa de
libertades, ouxetivo capi-
tal da Amnistía, require
maiores esforzos dos deixa
agora realizados...

... A saída á rúa, de ma-
neira continuada, de miles
de persoas en tódalas ci-
dades galegas, foi o máis
importante deixa agora lo-
grado a iste respecto. En
todas estas manifestaciós,
entre as cales hai que des-
tacar a gran concentración

feita en Pontevedra, que
tuvo un carácter nacional
inequívoco, comprobouse a
gran responsabilidade cívica
dos manifestantes. Tamén
debemos constatar que salvo
en casos contados, como na
Cruña, donde a Forza Púbrí-
ca cargou e detivo a 17, a
Policia Armada mantúvose o
marxe.

Ista nova actitude das
forzas do Orden Púbrico,
que hai que facer o posí-
ble porque se faga xeneral,
ten enorme importancia...

Na aición pola Amnistía,
o pobo galego exixe a li-
bertad de tódolos presos po-
líticos, sin as discriminacio-
ns que pretendo o Gober-
no e a volta de tódolos es-
siliados, con Dolores Ibá-
rruri e Santiago Carrillo
a súa cabeza. Pero un moti-
vo suplementario pra súa
aición debe representalo
feito de que Pillado, Amor
Deus e Riobó sigan ainda
na cadea e que, cos esila-
dos da guerra civil, coma
Santiago Alvarez, se achenn
Francisco Fernández Fil-
gueiras e decenas de outros
traballadores e estudantes
galegos esiliados no derra-
deiro período. A aición po-
la Amnistía comporta a si-
mismo a reposición nos
seus postos de traballo mu-
nial e intelectual de tódolos
despedidos ou represa-
liados por motivos políti-
cos, como é o caso de Xe-
sús Alonso Montero e ou-
tros intelectuais e profe-
sionais...

O Partido Comunista de

Galicia chama a todo o pobo
a realizar a máis ampla mo-
bilización en defensa de es-
tos militares, entre os ca-
les as guarnicións da nosa
nacionalidade están repre-
sentadas polo capitán de In-

(pasa a pág. 6)



POSSIBLE, 21-1-76

RAFAEL BAREZ

El futuro de los problemas
gallegos está inmerso en
el futuro de los problemas
de los pueblos españoles,
con características propias.
Resulta que el primer go-
bierno de la monarquía es
franquista. No es lo que
las fuerzas de la oposición
propugnamos u que exigiría
una presencia en el mismo
de representantes de dichas
fuerzas, para encauzar el
proceso constituyente que
es necesario para el país.

Hey, las tareas claves
son el logro de la Amnistía
y el restablecimiento de
las libertades democráticas,
así como la derogación de
la ley Antiterrorista. Has-
ta ahora el nuevo Gobierno
no ha concedido nada a Gal-
icia, porque el decreto de
lenguas regionales debe ser
rechazado de plano.

"EL PROGRESO" de Lugo
13-1-76

carlos dafonte

La oposición democrática española está hoy más unida que nunca, dentro de la variedad ideológica que la integra.

Las maniobras para tratar de legalizar a algunos -los socialistas- dejando en la ilegalidad al movimiento o

brero y a los comunistas, me parece que van a tropezar con bastantes obstáculos; las libertades democráticas, pienso, deben de ser para todos. Debe ser el propio juego democrático el que excluya a aquellos grupos y partidos que no lo son; estoy seguro de que nos llevaremos más de una sorpresa.

(Continuación da Declaración do C.E. do P.C.G.
Ven da pax. 7)

Fantería don Xosé Fortes Bouza, licenciado en Filosofía e Letras, con destino en Pontevedra.

POR UN SOLO ÓRGÃO DA OPOSICIÓN GALEGA

...Na nosa criterio, entre a Xunta e o Consello existe unha base ouxetiva de entendimento que é necesario desenrolar coa urxencia que demanda a situación actual, na perspectiva do Plano Nacional Galego concretado nun organismo único da oposición...

A formación e consolidación do Goberno Provisional Autónomo que Galicia necesita desde o primeiro dia da ruptura democrática, como paso cara o exorcicio posterior do dereito de su

todeterminación, será moi difícil de lograr sin a unión de todas as forzas democráticas e da oposición.


IMPULSO DAS REIVINDICACIOS OBREIRAS CONTRA O BLOQUEO SALARIAL.

APOIO A OUTROS SECTORES SOCIALES.

A clase obreira galega, o propio tempo que encabeza a aición pela Amnistía, loita e debe facelo áinda con máis decisión, contra o bloqueo salarial e a poli-

tica económica do Goberno. O Decreto de conxelación salarial ten unha gran incidencia sobre as negociacións de convenios colectivos, xa que pretende limitar, ou máis exactamente anular, toda posibilidade de libre negociación entre as partes. Pretender que a inflación prodúcese como consecuencia dos aumentos salariais, é totalmente falso como sabe hoxe todo o mundo, xa que os salarios están moi por debaixo da carreira galopante dos pre-

Venta de A VOZ DO POBO y de NOVA GALICIA en los mercados y calles de Paris



(ven da pág. 4)

noso caso, na postura cara ó Partido Comunista de Galicia e outros grupos da esquerda galega.

Ser democráticos é aceptar o pluralismo político que se dea na realidad sin discriminación nin exclusións.